



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O O CONCELLO DE BOBORÁS PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA E ADECUACIÓN DO MÓDULO DE VESTIARIOS E SALAS ANEXAS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE BOBORÁS

I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Boborás para a finalización das obras de mellora e adecuación do módulo de vestiarios e salas anexas do pavillón polideportivo municipal de Boborás

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das





bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

III. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Boborás o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

IV. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Boborás para a finalización das obras de mellora e adecuación do módulo de vestiarios e salas anexas do pavillón polideportivo municipal de Boborás.

V. Fundamentos do convenio

O pavillón polideportivo municipal de Boborás sitúase ao norte do núcleo principal, nunha área que se está consolidando como espazo público de servizos deportivos, educativos e socioculturais. Nas súas inmediacións atópanse o CEIP Nosa Señora de Xuvencos, o Centro Sociocultural Manuel Chamoso Lamas, e o novo centro de saúde, actualmente en tramitación. Ademais, o entorno foi obxecto dunha profunda transformación urbana coa implantación de novos equipamentos públicos: pista multideporte exterior, parque infantil e piscinas municipais. Esta concentración de servizos públicos converte a zona nun núcleo de actividade comunitaria de referencia, tanto para a poboación local como para as parroquias limítrofes, ofrecendo unha dotación accesible, segura e funcional para o conxunto do municipio.

O pavillón municipal foi obxecto de importantes melloras entre finais de 2024 e a primeira metade de 2025, centradas en





- Mellora da eficiencia enerxética do módulo de vestiarios e salas anexas.
- Renovación integral da iluminación interior da pista, substituíndo os sistemas tradicionais por tecnoloxía LED de baixo consumo.
- Reforma das instalacións básicas e da envolvente térmica do módulo oeste.

Cómpre sinalar que, para poder levar a cabo as actuacións de mellora da eficiencia enerxética e da envolvente, foi necesario levantar por completo as instalacións e acabados existentes, o que deixou os vestiarios e as salas anexas impracticables. Por este motivo, resulta imprescindible executar agora unha segunda fase de adecuación interior, orientada a adaptar os espazos e renovar os seus acabados e elementos funcionais, garantindo así o correcto uso das instalacións e a súa posta en servizo definitiva. Esta intervención permitirá completar a transformación integral do edificio, incluíndo aquelas partidas que non puideron ser subvencionadas anteriormente, pero que resultan necesarias para a súa plena operatividade e confort.

A execución destas melloras responde a unha clara necesidade pública e social, baseada nos seguintes argumentos:

- Servizo esencial para a cidadanía: o pavillón é o principal espazo cuberto municipal para a práctica deportiva, acollendo actividades de educación física do CEIP Nosa Señora de Xuvencos, escolas deportivas municipais e eventos culturais.
- Fomento da actividade física e da saúde: a adecuación dos vestiarios e instalacións complementarias favorece o uso continuado por parte de toda a poboación, desde nenos ata persoas maiores, promovendo hábitos saudables e inclusión social.
- Accesibilidade e igualdade de oportunidades: a reforma completa garante condicións adecuadas de accesibilidade universal e confort para todas as persoas usuarias, eliminando barreiras físicas e mellorando a funcionalidade.
- Cohesión social e dinamización comunitaria: o pavillón actúa como punto de encontro interxeracional, reforzando a identidade colectiva e o sentimento de pertenza ao municipio.
- Aproveitamento racional do investimento público: completar a rehabilitación garante a rendibilidade social e económica das actuacións xa executadas, evitando a degradación das zonas non rematadas e mellorando a eficiencia do conxunto.





- Optimización de recursos públicos: a finalización das obras permitirá un uso continuado sen restricións, incrementando a eficiencia da instalación e reducindo custos de mantemento a medio prazo.
- Atracción de actividades e eventos: un equipamento moderno e funcional pode acoller competicións deportivas, cursos e encontros comarcais, xerando impacto positivo no comercio local e na hostalaría.
- Valor engadido no entorno urbano: o pavillón intégrase nun ámbito en expansión dotacional, contribuíndo á revitalización do núcleo de Boborás e á mellora da calidade de vida da veciñanza.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Boborás.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrència pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrència pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.





VI. Actuación da subvención.

O proxecto obxecto do convenio consiste na finalización das obras de mellora e adecuación do módulo de vestiarios e salas anexas do pavillón polideportivo municipal de Boborás efectuando as seguintes actuacións:

a) No Interior do módulo de vestiarios:

- Trasdosado directo de paneis fenólicos HPL en paramentos de duchas.
- Cabinas de inodoros e frontes de ducha formados por paneis fenólicos HPL.
- Reforma de mesados de lavabos existentes.
- Trasdosado autoportante de placas de xeso laminado de alta dureza.
- Revestimento vinílico de PVC.
- Reubicación de dous aparatos sanitarios existentes: urinarios do vestuario masculino.
- Colocación de 4 portas interiores abatibles.
- Colocación de elementos de protección contra incendios.

b) No exterior do módulo de vestiarios:

- Pintado de paramentos de bloque de formigón.
- Pintado de reixas de ferro.

VII. Importe e aplicación orzamentaria

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á **cantidade de corenta e catro mil trinta e sete euros con noventa e cinco céntimos (44.037,95 €)** IVE incluído, segundo a memoria detallada e valorada, cuxo orzamento se xunta como anexo I no convenio.

Para dar cumprimento ao obxectivos deste Convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, achegará a cantidade máxima de **corenta mil euros (40.000 €) IVE incluído**, que representa o **90,80%%** do orzamento total do proxecto que constitúe o presente convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088), do orzamento de gastos da Secretaría Xeral





Técnica para o exercicio 2025.

O Concello de Boborás achegará a cantidade de **catro mil trinta e sete euros con noventa e cinco céntimos (4.037,95 €) IVE incluído**, do seu orzamento de gastos para o exercicio 2025, cantidade que representa o 9,20 % do orzamento total do presente convenio.

VIII. Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Francisco Javier Abad Pardo

